

II. AUTORIDADES E PERSOAL**b) NOMEAMENTOS****CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Decreto 209/2007, do 25 de outubro, polo que se dispón a substitución de membros do Consello Escolar de Galicia.

De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia, no artigo 10 do Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se desenvolve esta lei, no artigo 16.1º c) do Decreto 87/1992, do 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de réxime interno do Consello Escolar de Galicia, e atendendo á petición de substitución formalizada pola Federación do Ensino de Comisións Obreiras, por proposta da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e cinco de outubro de dous mil sete,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Que cesen como membros do Consello Escolar de Galicia as seguintes persoas:

a) Francisco Magide Bizarro en representación dos profesores nos niveis educativos correspondentes ao ámbito do ensino público non universitario de Galicia pola Federación do Ensino de Comisións Obreiras.

b) Sara Loureiro Vilarelle en representación dos profesores nos niveis educativos correspondentes ao ámbito do ensino privado non universitario de Galicia pola Federación do Ensino de Comisións Obreiras.

Artigo 2º.-Nomear como membros do Consello Escolar de Galicia, nas condicións determinadas na Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia, as seguintes persoas:

a) Víctor Manuel Rodríguez Gesto en representación dos profesores nos niveis educativos correspondentes ao ámbito do ensino público non universitario de Galicia pola Federación do Ensino de Comisións Obreiras.

b) Xosé Marcial Comesaña Figueiras en representación dos profesores nos niveis educativos correspondentes ao ámbito do ensino privado non universitario de Galicia pola Federación do Ensino de Comisións Obreiras.

Artigo 3º.-O mandato dos novos membros será polo tempo que resta para completar o período da representatividade que posúen.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e cinco de outubro de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE
E DO BENESTAR**

Resolución do 8 de outubro de 2007 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 31 de xaneiro de 2007 pola que se establecen as bases que rexen as axudas para a realización de programas de apoio a familias monoparentais, e se procede á súa convocatoria.

De conformidade co disposto no artigo 18.1º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, procédese á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 31 de xaneiro de 2007 pola que se establecen as bases que rexen as axudas para a realización de programas de apoio a familias monoparentais.

Finalidade da axuda: as axudas teñen por obxecto financiar programas de apoio a familias monoparentais con fillos e fillas menores ao seu cargo que sexan desenvolvidos por entidades sen ánimo de lucro que estean debidamente inscritas no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Norma reguladora: Orde do 31 de xaneiro de 2007 pola que se establecen as bases que rexen as axudas para a realización de programas de apoio a familias monoparentais e se procede á súa convocatoria. (*Diario Oficial de Galicia* nº 28, do 8 de febreiro de 2007).

Crédito orzamentario: 298.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 05.20.312A .481.0.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2007.

Anxo Manuel Quintana González
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar

ANEXO

<u>Entidade</u>	<u>Contía</u>
Acción Social Néboa	18.000 €
Asociación Agromar	17.399 €
Asociación Alar-Galicia	18.187 €
Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo	13.105 €
Asociación Desenvolvemento Comarcal do Deza	7.987 €
Afamer	19.800 €
Asociación Mulleres Separadas de Galicia	17.920 €
Asoc. Mulleres Separadas e Divorciadas de Lugo	64.492 €
Asociación Rexurdir	9.299 €
Asociación Viguesa Alcohología-Asvidal	6.771 €
Cáritas Diocesana de Santiago	67.200 €
Centro Cultural Artístico e Recreativo Valladares	11.200 €
Cruz Vermella Española-Galicia	13.230 €
Federación Provincial MM.RR. Ourense	13.410 €